



ESTRADA NACIONAL VI S/N  
27163 O CORGO LUGO

P-2701400 J  
Telf.: 982 30 21 00  
686 93 22 61  
618 65 2809

## COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

<b>SOLICITANTE</b>	NIF	Nome e apelidos ou razón social		Teléfono 1		Teléfono 2			
	<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>								
	Nome da rúa, praza, lugar, etc			Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal
	Parroquia		Municipio		Provincia		Correo electrónico		

ACTUA EN NOME PROPIO

ACTÚA EN REPRESENTACIÓN DE: .....

con NIF: .....

No caso de actuar en representación deberá achegar a acreditación da mesma (por comparecencia, autorización expresa, poder notarial)

<b>LOCAL</b>	Localización	Polígono e parcela	Referencia catastral

Descrición técnica das obras para desenvolver a actividade:

Descrición da actividade:

Orzamento das obras:

**DECLARO BAIXO A MIÑA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE** que é certo o que manifesta e, en todo caso:

- Que as obras que pretendo realizar son actos de ..... (transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo) que non están suxeitos a licenza municipal.
- Que as obras/ usos ou actividades que pretendo realizar están suxeitas ao réxime de intervención de comunicación previa por (sinalar o que proceda):
  - Non precisar proxecto de obras de edificación, conforme ao artigo 2.2 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.
  - Ser obras ou instalacións menores.
  - Trátase da utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
  - Trátase do uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.
  - Trátase da modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, xa que non teñen por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.
  - Trátase da extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.
  - Son actividades extractivas de minerais, líquidos, e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.
  - Trátase da instalación de invernadoiros.

- Tratarse da colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- Tratarse de cerramentos e valados de predios.
- Tratarse de instalacións e construcións de carácter temporal destinadas a espectáculos e actividades recreativas.
- Que as características indicadas reflicten fielmente as obras que se van realizar.
- Que as obras que pretende realizar non son ningunha das contempladas nos artigos 142 da LSG nin do artigo 351 do seu regulamento.
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
- Que esta comunicación previa cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación (artigo 146.1 b) da LSG)

**COMUNICA** que iniciará as obras a partir do día ..... cun prazo de execución de ..... **(Recórdaselle que a comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles, e o prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos 3 meses e 1 ano respectivamente).**

**Así mesmo, DECLARO BAIXO A MIÑA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE** que é certo o que manifesta e, en todo caso:

- Que as características indicadas na memoria que adxunta reflicten fielmente as actividades que se van desenvolver.
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
- Que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais que lle resulten necesarias para o exercicio da actividade.
- Que cumpre todos os requisitos para o exercicio da actividade, así como os de seguridade, salubridade e as normas urbanísticas vixentes, e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio.
- Que, ao tratarse dunha actividade continuada, manterá no tempo os requisitos que tiña que cumprir cando se presentou a comunicación previa, e axustarase ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, coa obtención das autorizacións que, se é o caso, resulten necesarias para tal finalidade.

**AUTORIZA**, para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actuación que se vai desenvolver.

**DOCUMENTACIÓN ACHEGADA OBRAS:**

- Memoria descritiva das características das obras ou actuacións de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible. En todo caso, deberá conter plano de situación e emprazamento a escala axeitada, e fotografías da edificación, construción ou instalación.
- Anexo I debidamente cuberto, segundo a ordenanza reguladora fiscal do ICIO.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no suposto de requirilo, o uso a que se destinen as obras.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non terse emitidos os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos (taxas e ICIO)
- Documento de formalización da cesión, se é o caso.
- Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- Informe de avaliación acústica ou declaración responsable de que se producirá un nivel sonoro igual ou inferior a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural.
- Outra documentación: .....

**DOCUMENTACIÓN ACHEGADA ACTIVIDADE:**

- Memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización (planos a escala 1:2000 ou 1:5000), o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver, reportaxe fotográfica das fachadas e do interior do local.
- Declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, subscrita por técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- Proxecto e documentación técnica, redactados e asinados por persoa técnica competente, que resulta esixible segundo a natureza da actividade ou instalación. **(Enténderase por proxecto, o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable).**
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais preceptivos. No seu caso, copia da comunicación previa presentada noutras administracións.

O Corgo, ..... de ..... 20.....

Asdo.: .....

**ADVÉRTESELLE QUE** consonte ao disposto no artigo 362 do Regulamento da Lei do Solo, aprobado polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pol a que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que proceda imponer por tales feitos.  
A resolución administrativa que constata as circunstancias ás que se refire o punto anterior, comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a 3 meses nin superior a 1 ano.

**NOTA:** Cando se queiran realizar diversas actuacións relacionadas coa mesma edificación ou inmovible, presentarse unha única comunicación previa.

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase aos interesados que os datos persoais solicitados neste formulario son incorporados e tratados nun ficheiro automatizado para o seu tratamento con fines tributarios. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación dirixíndose ao Concello de Corgo.

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO CORGO**